


A Asociación de Escritores entregou os seus premios

La Voz

SANTIAGO | Luz Pozo en poesía, por *Deter o día cunha flor*; Cid Cabido en narrativa, por *Unha historia que non vou contar*; Rubén Ruibal en teatro, por *Delimvois*; e Xesús Alonso Montero en ensaio, por *Cartas de republicanos galegos condenados a morte (1936-1948)*, foron galardoados cos premios da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) pola «mellor obra» de 2009. Tamén houbo recoñecementos para María Alonso Seisdedos e Bartug Aykam, pola versión para galego de *O museo da inocencia*, de Orhan Pamuk, como mellor tradución; a Manuel Bragado polo blog literario *Brétemas*; e a Manuel Rivas, pola súa traxectoria xornalística.

Alén destes premios, o arxentino Juan Gelman recibiu unha pluma en calidade de «escritor galego universal», distinción, que se lle entregará o martes en



Juan Gelman (segundo por la derecha) recibió el reconocimiento de Escritor Galego Universal | PACO RODRÍGUEZ

Santiago. Para o Salón do Libro de Pontevedra foi o premio ás institucións culturais.

Desde que o 22 de xuño de 1980 Bernardino Graña foi escollido primeiro presidente da AELG, con Carlos Casares de vicepresidente e Alfonso Pe-

xegueiro secretario xeral, foron dezanove as directivas da entidade nestas tres décadas. Onte tiveron un recoñecemento público as persoas que ocuparon eses tres cargos. A presidencia foi ocupada por Uxío Novoneyra 7 veces; Bernardi-

no Graña, Carlos Mella e Cesáreo Sánchez Iglesias, 3; Euloxio R. Ruibal, 2; e Avilés de Taramancos, Xosé María Álvarez Cáccamo e Xoaquín Agulla, unha. Por Novoneyra, Casares e Avilés, xa mortos, acudiron ao acto familiares.